

IES LAURO OLMO

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 4º ESO

---

DEPARTAMENTO GEOGRAFÍA E HISTORIA

Profesor de 4º ESO: José Fernández Izquierdo, 4º ESO A-B.

**CURSO 2021-2022**

## ÍNDICE.

1. Introducción e contextualización (**páx. 3**).
2. Obxectivos (**páx. 4**).
3. Contidos (**páx. 6**).
4. Estándares de aprendizaxe avaliáveis: concreción en relación coas competencias clave, atemporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación (**páx. 8**).
5. Metodoloxía didáctica (**páx. 17**).
6. Materiais e recursos didácticos (**páx. 18**).
7. Procedemento de avaliación continúa: criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado (**páx. 19**).
8. Procedemento de avaliación extraordinaria (**páx. 20**).
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente (**páx. 20**).
10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes (**páx. 22**).
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar (**páx. 22**).
12. Medidas de atención á diversidade (**páx. 22**).
13. Elementos transversais (**páx. 23**).
14. Actividades complementarias e extraescolares (**páx. 24**).
15. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas e procesos de mellora (**páx. 25**).

## 1. Introducción e contextualización.

O noso departamento de Xeografía e Historia está formado por 2 profesores e unha profesora con praza fixa e unha profesora que ocupa praza provisional. O equipo levamos, na súa maioría, traballando xuntos e coordinados e consideramos que temos uns criterios uniformes na concepción do que debe ser o noso centro e o proceso de ensino, estando a conseguir a maior parte dos nosos obxectivos anuais.

O profesorado do departamento tamén tenta aplicar as novas metodoloxías educativas como o traballo por proxectos documentais, dunha maneira cada vez máis relevante no noso proceso de ensino-aprendizaxe, así como a introducción das TICs como ferramenta educativa.

Así pois como liñas xerais da programación desta materia insistimos nas seguintes:

- O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, non hai que esquecer o aporte doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.
- En 4º ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto do medievo, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.
- En 4º ESO estúdase a Idade Contemporánea tanto do mundo como de España e de Galicia, seguindo un criterio cronolóxico dende o Antigo Réxime, característico do século XVIII, pasando polas transformacións revolucionarias do século XIX, para achegarnos á análise dos conflitos do século XX e así poder explicarnos o mundo actual. Compre destacar tamén a evolución histórica da situación da muller como parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.

## 2. Obxectivos.

2.1. En primeiro lugar, compre lembrar os **obxectivos xerais da etapa (ESO)** recollidos no DOG de 29 de xuño de 2015:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.2. En concreto os **obxectivos do curso de 4º ESO** son os seguintes:

1. Ampliar e utilizar, con precisión e rigor, o vocabulario propio das ciencias sociais.
2. Interpretar correctamente a información procedente de fontes de diverso tipo como os mapas, as gráficas, os testemuños arqueolóxicos, as manifestacións artísticas, os documentos escritos, utilizando especialmente fontes propias da historia contemporánea (prensa, fotografía, radio, cine, TV...).
3. Ordenar cronoloxicamente os acontecementos históricos máis salientables, adquirindo hábitos de aplicar con rigor a cronoloxía.
4. Localizar os acontecementos históricos no espazo, mediante a interpretación de mapas históricos.
5. Elaborar esquemas, gráficos sinxelos, organigramas e mapas conceptuais para representar os fenómenos históricos traballados.
6. Comprender os conceptos fundamentais da historia contemporánea.
7. Explicar as bases económicas, sociais e políticas do Antigo Réxime.
8. Recoñecer a herdanza cultural da Ilustración (arte, filosofía, política, relixión, etc.) e a súa contribución á configuración da cultura occidental.
9. Caracterizar os cambios producidos nas sociedades europeas durante a época das revolucións.
10. Sintetizar os principais acontecementos de Europa, España e Galicia durante o século XX.
11. Coñecer a evolución da organización político-administrativa de Galicia e de España.
12. Diferenciar democracia e ditadura.
13. Identificar as principais correntes artísticas do século XIX e XX.
14. Recoñecer as actitudes e situacións discriminatorias que tiveron lugar ó longo da historia por razón de raza, sexo, relixión... ou de calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
15. Valorar a diversidade lingüística e cultural; e ser respectuosos e tolerantes coas actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos que pertencen a sociedades ou culturas diferentes á propia.
16. Recoñecer o valor do patrimonio natural, lingüístico, artístico e histórico de Galicia e de España, asumir a responsabilidade de conservalo e melloralo, e consideralo como fonte de gozo xeral e como manifestación valiosa da nosa memoria colectiva.
17. Apreciar os dereitos e liberdades humanas como unha conquista da humanidade, potenciando os valores de tolerancia e solidariedade cos pobos, grupos sociais e persoas privadas dos seus dereitos ou dos recursos necesarios.
18. Asumir actitudes de responsabilidade individual seguindo as normas hixiénico - sanitarias como unha maneira clave de protección e defensa da saúde pública.

### 3. Contidos.

Os contidos entendémolos como o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias; así, dende o departamento de Xeografía e Historia os ordenamos do seguinte xeito:

#### 3.1. Coñecementos:

##### A IDADE CONTEMPORÁNEA

1. O Antigo Réxime (século XVIII): O réxime demográfico antigo. O feudalismo. A sociedade estamental. A monarquía absoluta.
2. A época das revolucións (século XIX): Revolución demográfica. O capitalismo. O movemento obreiro. A monarquía constitucional.
3. A revolución liberal-burguesa en España (século XIX)
  - A crise do Antigo Réxime: guerra da independencia e reinado de Fernando VII.
  - A monarquía constitucional de Isabel II.
  - O sexenio revolucionario: un estado democrático.
  - A Restauración: un estado oligárquico.
4. Un mundo en guerra (1914/1945): 1ª Guerra Mundial. A revolución rusa. A gran depresión. Os fascismos. 2ª Guerra Mundial.
5. O mundo da posguerra (1945 / 1991): A Guerra Fría. A descolonización.
6. España durante o século XX: ditadura e democracia.
  - A crise da monarquía.
  - A ditadura de Primo de Rivera.
  - A Segunda República.
  - A ditadura de Franco.
  - A transición democrática.
  - A integración de España na Unión Europea.
7. Os problemas do mundo actual: globalización e subdesenvolvemento.
8. Panorama da arte contemporánea.

### **3.2. Procedementos, habilidades e destrezas:**

- Elaboración de mapas e gráficas para entender os diferentes aspectos das distintas sociedades.
- Tratamento da información: elaboración de esquemas e sínteses, e interpretación de mapas temáticos e conceptuais.
- Elaboración de eixes cronolóxicos xerais e parciais.
- Confección dun glosario de termos básicos, utilizando no seu caso dicionarios de todo tipo.
- Realización dunha relación biográfica dos principais personaxes.
- Utilización de fontes diversas para entender os procesos históricos.
- Comentar fontes de todo tipo, centrándose no comentario de textos.

### **3.3. Actitudes**

- Exposición clara e concisa de conceptos.
- Uso correcto das diversas fontes utilizadas, valorándoas como medios axeitados para o estudio da historia.
- Adquisición de hábitos de traballo nos que se recoñeza a importancia dunha presentación no seu debido tempo, ordeada, rigurosa e pulcra.
- Construción dun grado de autonomía para a realización de tarefas e busca de información.
- Conciencia da necesidade da conservación e mellora do patrimonio natural e cultural para procurar unha mellor calidade de vida.
- Adquisición de actitudes de respecto ás persoas, independentemente do seu sexo, raza, relixión e procedencia social...
- Conciencia da necesidade da paz como ben primordial, rexeitando a guerra como factor resolutivo dos conflitos.
- Valoración da pluralidade política como condición indispensable para una convivencia pacífica e igualitaria, rexeitando calquera tipo de intolerancia e discriminación.
- Asimilación de actitudes de responsabilidade individual seguindo as normas hixiénico - sanitarias como unha maneira clave de protección e defensa da saúde pública.

#### 4. Estándares de aprendizaxe avaliábeis...

O DOG do 1 de agosto de 2016 establece entre unha serie de elementos de inclusión obrigatoria nas programacións didácticas (artigo 24.3) os seguintes puntos: *b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais e d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis de 1º Temporalización. 2º Grao mínimo de consecución para superar a materia. 3º Procedementos e instrumentos de avaliación.* Dende o departamento de Xeografía e Historia consideramos que é moito máis operativa a programación se xuntamos ambos puntos nunha única táboa que relacione eses elementos: os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as competencias claves, a temporalización, o grao mínimo de consecución e os instrumentos de avaliación.

**Así as competencias chave serán as seguintes:**CCL: Comunicación lingüística. CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CD: Competencia dixital. CAA: Aprender a aprender. CSC: Competencias sociais e cívicas. CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.CCEC: Conciencia e expresións culturais.

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientable. A través da materia se desenvolven competencias como as competencias sociais e cívicas (CSC), en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), en Xeografía. A competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC) ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións culturais e artísticas teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CCEC) evidénciase na relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedimental. O desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística (CCL), da competencia dixital (CD) e da competencia de aprender a aprender (CAA) impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo do curso de 2º de ESO.

**Mentres que os instrumentos de avaliación serán os seguintes:** PE: Proba escrita. C: Caderno. PD: Proxecto documental. OU: Outros (actividades de todo tipo, incluíndo as realizadas on-line, destacando a análise e comentario de mapas, gráficas e textos, tamén se terán en conta as intervencións na aula, a observación da evolución do alumnado no proceso de aprendizaxe...). Incluiremos tamén todas as probas, proxectos e actividades que se fagan on-line.



IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
Bloque 1. O Antigo Réxime (a Europa do século XVIII).							
a, c, d, g, h l, ñ	B1.1. Século XVIII en Europa, España e Galicia.	B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Comprende as principais características do Antigo Réxime.	1ª avaliación	OU PE PD
f, h, l, n, ñ	B1.2. Ilustración.	B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgúns monarquías.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Distingue entre monarquía absoluta e despotismo ilustrado.	1ª avaliación	C PE OU
Bloque 2. A era das revolucións liberais (1789 / 1870)							
a, c, d, g, h l, ñ	B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español	B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala proles e contras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Compara e diferencia a monarquía absoluta da monarquía constitucional. Explica os conceptos políticos derivados das revolucións burguesas.	1ª avaliación	C PE OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Entende os conflitos que dificultaron a construción do estado liberal en España.	1ª avaliación	PD PE OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Sublima a paz como ben primordial, rexeitando a guerra como factor resolutivo dos conflitos	1ª, 2ª e 3ª avaliacións	C OU
Bloque 3. A Revolución Industrial (1750/1914)							
f, g, h, l	B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.	B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Entende as transformacións económicas e as características do capitalismo	1ª avaliación	C PE OU

IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
g, h, l	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	Entende as transformacións económicas e as características do capitalismo	1ª avaliación	C PE OU
a, c, d, h, l, m	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> <li>CCL</li> </ul>	Explica a situación de explotación económica. Destaca as similitudes e diferencias entre marxismo e anarquismo.	1ª avaliación	C PE OU
l, ñ	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso?</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	Explica as transformacións económicas da España do século XIX.	1ª avaliación	PD PE OU
Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial (1870 / 1919)							
g, h, l	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	Localizando nun mapa as distintas potencias imperialistas, destacando o reparto colonial de Asia e África.	1ª avaliación	C OU
<ul style="list-style-type: none"> <li>g</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>	Analiza as causas e consecuencias do imperialismo.	1ª avaliación	C PE OU
<ul style="list-style-type: none"> <li>g</li> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>	Comenta as causas e as distintas fases da I Guerra Mundial.	2ª avaliación	C PE OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>	Explica o mapa europeo tras a I Guerra Mundial	2ª avaliación	C OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	Comprende as consecuencias da I Guerra Mundial.	2ª avaliación	C PE OU

IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
a, c, d, g h, l	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Revolución Rusa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	<p>Explica as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da revolución rusa.</p> <p>Entende o concepto de totalitarismo.</p>	2ª avaliación	C PE OU
<ul style="list-style-type: none"> <li>g</li> <li>h</li> <li>l</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. A arte no século XIX.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>	<p>Identifica obras, estilos e características dos distintos movementos artísticos.</p>	3ª avaliación	PD OU
Bloque 5. A época de entre-guerras (1919-1939)							
<ul style="list-style-type: none"> <li>g</li> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia sobre a crise de 1929.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	<p>Coñece as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da crise de 1929</p>	2ª avaliación	C PE OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>	<p>Compara as crises financeiras de 1929 e 2008.</p>	2ª avaliación	C OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	<p>Sensibilízase ante os problemas derivados das situacións de discriminación en razón do sexo.</p>	1ª, 2ª e 3ª avaliacións	C OU
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCL</li> </ul>	<p>Comenta as causas do auxe dos fascismos, relacionándoas coa crise das democracias.</p> <p>Diferencia un estado democrático dun ditatorial.</p> <p>Entende o concepto de totalitarismo.</p>	2ª e 3ª avaliacións	C PE OU

IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. II República española e a Guerra Civil.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Caracteriza a crise da monarquía. Explica o programa reformista da república. Entende os problemas aos que se enfrontou o goberno republicano.	3ª avaliación	PD PE OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Comprende as causas, as fases e as consecuencias da Guerra Civil.	3ª avaliación	PD PE OU
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. A arte das vangardas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB5.4.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	Identifica obras, estilos e características dos distintos movementos artísticos	3ª avaliación	
Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)							
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Orixes da II Guerra Mundial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	Indica as causas da II Guerra Mundial	2ª avaliación	C PE OU
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	Analiza nun mapa o desenvolvemento da guerra	2ª avaliación	C OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Analiza nun mapa o desenvolvemento da guerra	2ª avaliación	C OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Explica as causas e consecuencias da II Guerra Mundial	2ª avaliación	C PE OU

IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. O Holocausto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>	Adquire actitudes de respecto ás persoas, rexeitando o racismo.	2ª avaliación	C OU
Bloque 7. O mundo da posguerra (1945 / 1991)							
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB7.1.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Entende o concepto de guerra fría. Comprende a división do mundo en bloques.	2ª avaliación	C PE OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB7.1.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Explica a guerra de Vietnam dentro do contexto da guerra fría	2ª avaliación	C OU
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.2. Procesos de descolonización en Asia e África.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.2. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB7.2.1. Describe os feitos relevantes do proceso de descolonizador.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Comenta as causas e consecuencias da descolonización.	2ª avaliación	C PE OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB7.2.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	Analiza nun mapa os distintos procesos de independencia. Entende o concepto de subdesenvolvemento.	2ª avaliación	C OU
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.3. Evolución dos bloques soviético e capitalista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.3. Entender a evolución dun mundo enfrontado entre o comunismo e o capitalismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB7.3.1. Explica os avances do estado do benestar en Europa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Comprende o concepto de estado de benestar.	2ª avaliación	C PE
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB7.3.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>	Sensibilízase ante os problemas derivados das situacións de discriminación en razón do sexo.	2ª avaliación	C OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB7.3.3. Compara a crise enerxética (do petróleo) de 1973 coa financeira de 2008.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Comprende as causas e consecuencias dunha crise económica.	2ª avaliación	C OU

IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
			<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB7.3.4. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas..</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	Explica as causas e consecuencias do derrube dos réximes comunistas en Europa.	2ª avaliación	C PE OU
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>g</li> <li>h</li> <li>l</li> <li>ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.4. Ditadura de Franco en España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.4. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB7.4.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	Caracteriza o franquismo como un réxime ditatorial. Explica porque esta ditadura tivo unha duración tan longa.	3ª avaliación	PD PE OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB7.4.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	Adquire conciencia da necesidade de estudar o pasado para non esquecelo nin manipulalo	3ª avaliación	C OU
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>g</li> <li>h</li> <li>l</li> <li>ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.5. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.5. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB7.5.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	Examina documentos e fontes históricas.	3ª avaliación	PD OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB7.5.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCL</li> </ul>	Distingue as etapas que se diferencian na historia da España democrática. Coñece os trazos fundamentais da Constitución española e do Estatuto de Autonomía galego. Diferenza unha democracia dunha ditadura.	3ª avaliación	PD PE OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>XHB7.7.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	Manten unha actitude activa de defensa da democracia, rexeitando as situacións violentas que vulneran os principios básicos do sistema.	3ª avaliación	PD PE OU

IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI: a globalización							
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.1. A globalización económica: concepto e características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB8.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	Interpreta fontes e documentos históricos. Identifica os principais problemas do mundo actual.	1ª 2ª e 3ª avaliacións	C OU
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB8.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB8.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>	Explica como afecta á nosa sociedade os cambios tecnolóxicos e científicos.	2ª avaliación	C OU
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB8.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	Interpreta documentos e fontes históricas. Debate de xeito crítico e razoado sobre os principais problemas do mundo actual.	1ª 2ª e 3ª avaliacións	C OU
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Analiza a evolución da construción da Unión Europea.	2ª avaliación	C OU
Bloque 9. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia							
f, l, ñ	B9.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	B9.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB9.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	CSC CCEC	Recoñece elementos materiais, culturais, ideolóxicos da idade contemporánea.	1ª, 2ª e 3ª avaliacións	PD C OU

IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
g, l, ñ	B9.2. Fontes históricas.	B9.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB9.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC CAA	Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	1ª, 2ª e 3ª avaliacións	PD C OU
			XHB9.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	CSC CAA	Recoñece e sitúa fontes e documentos de Galicia e de España propios da idade Contemporánea.	1ª, 2ª e 3ª avaliacións	PD C OU
l, ñ	B9.3. Cambio e continuidade.	B9.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB9.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC CMCCT	Elabora eixes cronolóxicos coas datas e feitos máis representativos da historia contemporánea.	1ª, 2ª e 3ª avaliacións	PD C OU
			XHB9.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT	Interpreta liñas do tempo e mapas históricos.	1ª, 2ª e 3ª avaliacións	PD C OU
f, l, ñ	B9.4. Tempo histórico.	B9.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB9.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMCCT	Valora as contribucións propias da civilización occidental.	1ª, 2ª e 3ª avaliacións	PD C OU
l, h, ñ	B9.5. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea	B9.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB9.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC CCL	Utiliza o vocabulario histórico e artístico propio de cada época.	1ª, 2ª e 3ª avaliacións	PD C OU



## **5. Metodoloxía didáctica.**

A metodoloxía didáctica seguida será activa e participativa, partindo do coñecemento do alumnado e favorecendo o traballo individual e cooperativo.

Tendo en conta as distintas metodoloxías didácticas posibles na ensinanza da Historia, optamos por aquela que utiliza o dobre recurso á construción do coñecemento histórico sobre a base de fontes de diverso tipo e a exposición oral e dirección do profesorado na aula. É dicir, a ensinanza por exposición significativa e a investigadora.

Fomentarase a correcta expresión oral e escrita mediante o traballo en proxectos documentais, utilizando tanto os recursos e actividades da biblioteca escolar como as aulas de informática, para integrar as tics nas aulas.

Ademais dedicarase un tempo á lectura cada día, non só do propio libro de texto, senón de textos seleccionados, seguindo as pautas do proxecto lector do centro.

O profesorado será quen decida en cada momento o que debe facer na aula e como debe utilizar un determinado material ou recurso didáctico para lograr uns mellores resultados no proceso ensino-aprendizaxe, adaptando así os contidos ao alumnado que teñamos cada curso. O profesorado facilitará as explicacións pertinentes en cada tema axudando ao alumnado a distinguir o máis importante, e así poder elaborar guións, esquemas e sínteses. Traballarase cos materiais propostos no libro de texto e todos aqueles que considere necesario para o reforzo de contados, buscando a renovación e actualización dos materiais, principalmente:

- Uso de mapas, tanto mudos (para lograr identificar lugares...) como temáticos (xeográficos e históricos, para apoiar os contidos).
- Elaboración e análise de gráficas, principalmente para o estudo de aspectos demográficos e económicos.
- Realización de proxectos documentais, especialmente para os aspectos culturais e artísticos.
- Saídas guiadas.

Utilizaránse os diversos espazos dentro e fóra da aula en función da natureza das actividades que se poidan levar a cabo (dentro da aula, biblioteca, audiovisuais, aula de informática, roteiros, saídas didácticas, etc...)

Dende o o noso departamento se apoiarán todas as experiencias innovadoras levadas a cabo polo profesorado do centro, así como os distintos proxectos do noso instituto: Biblioteca Escolar, Normalización Lingüística, Proxecto Lector, Plan de Convivencia....

## 6. Materiais e recursos didácticos.

- *Libro do Alumnado*: da editorial Baía – Consorcio Editorial Galego
- *Caderno do Alumnado*, onde realizará as actividades propostas polo profesorado.
- *Mapas murais (físicos, políticos, temáticos...)* da colección do departamento e *mapas mudos* para a súa elaboración por parte do alumnado.
- *Prensa e libros* tanto da biblioteca escolar como da colección do departamento.
- *Enderezos da Internet*: tanto da propia editorial Baía, como doutras páxinas web (historiasiglo20, la cuna de halicarnaso, practicopedia, sildeshare, mapas flash interactivos, cliohistoria, arthistoria, youtube, blogs, prensa, etcétera) para extraer gráficos, mapas, series estatísticas e todo tipo de materiais que reforcen e complementen os contidos, habilidades e competencias.
- *Medios audiovisuais*: Fragmentos de películas, documentais en DVD, CD-ROM da colección do departamento así como visualizacións online na Internet.
- *Realización de test interactivos*.
- *Potenciarase o uso das plataformas dixitais e redes sociais*: durante todo o curso utilizaremos basicamente a aula virtual do noso instituto, onde está rexistrado todo o alumnado.

## 7. Procedemento de avaliación continua: criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción...

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, integradora e individualizada. Interésanos especialmente estar permanentemente informados da aprendizaxe do alumnado e do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe para tomar decisións na procura dun maior aproveitamento por parte do alumnado para lograr a consecución dos obxectivos e estándares de aprendizaxe propostos. Dentro do proceso de avaliación teremos en conta as probas teóricas, os traballos de investigación, en base á metodoloxía por proxectos, o caderno de traballo na aula, e a actitude e interese pola materia.

Consideramos, por acordo de departamento que o resultado final da nota de avaliación e do curso se establece en función dos seguintes criterios cuantitativos de cualificación:

- Un **70%** da nota (**máximo: 7 puntos**) corresponde ao resultado das probas escritas ou exames, proxectos documentais e traballos de investigación. Realizaranse probas escritas, preferentemente unha para cada tema, cun mínimo de dúas por avaliación. Nalgúns casos os exames poderán ser substituídos por traballos de investigación por proxectos.
- Un **20%** da nota (**máximo: 2 puntos**) corresponde a avaliación das actividades que se farán no caderno de traballo, das probas sobre mapas mudos, e dos traballos sobre medios audiovisuais (fragmentos de películas, documentais, clips ou vídeos...)
- Un **10%** da nota (**máximo: 1 punto**) corresponde á actitude e interese pola materia, manifestadas en:
  - ✓ Participación no proceso de ensino-aprendizaxe, a través das intervencións na aula.
  - ✓ Rigor e progresividade nos hábitos de estudo, mediante a entrega en tempo e forma das tarefas, así como na presentación dos materiais de traballo (libro, caderno...).

As notas parciais, das dúas primeiras avaliacións, redondearanse á unidade inferior, pero se terá en conta a nota real, con decimais, para achar a media global do curso, que se achegará á unidade máis próxima.

Tamén compre aclarar que **no caso de que o alumnado copie no exames, eses exames serán valorados cunha nota de 0 puntos, tendo a oportunidade de se presentar á recuperación da avaliación pertinente.**

O alumnado **terá que ter aprobadas todas as avaliacións para promocionar**. En caso contrario deberá presentarse a un exame final en xuño, coas avaliacións non aprobadas.

Haberá recuperacións por avaliación.

**Todas as anteriores consideracións serán expostas ao alumnado durante os primeiros días do curso.**

## **8. Procedemento de avaliación extraordinaria.**

A avaliación extraordinaria de setembro ofrece ao alumnado a posibilidade de realizar unha proba para superar aqueles contidos mínimos necesarios para aprobar a área. O profesorado proporcionará ao alumnado, no mes de xuño, eses contidos mínimos esixibles.

No caso de que o alumnado copie no exame, ese exame será suspendido cunha nota de 0 puntos e terá que recuperar a materia no curso seguinte.

## **9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.**

Para avaliar a nosa práctica docente e os logros da mesma, faremos reunións do departamento periodicamente nas que abordaremos o seguimento da programación prevista, o seu grao de cumprimento, as dificultades atopadas así como as medidas correctoras que se poidan tomar. Tamén nas reunións do equipo avaliador faremos análises comparativos nos que se analice a consecución dos graos de mínimos de estándares de aprendizaxe na nosa área e nas demais. En función destes análises sacaremos conclusións e, se procede tomaremos medidas correctoras do desenvolvemento da programación, que se farán constar na memoria de fin de curso. Os acordos, medidas correctoras ou modificacións das programacións produto da auto-avaliación da práctica docente faranse constar en acta.

Tamén elaboraremos informes, os profesores do departamento, despois de cada avaliación no que verteremos as nosas experiencias co desenvolvemento da práctica docente en cada grupo e prestando especial atención aos alumnos con maiores dificultades de consecución dos obxectivos mínimos. En reunións periódicas con xefatura de estudos, avaliaremos, tamén a nosa práctica docente e casos específicos nos que puidera haber dificultades, falta de recursos, problemas de organización etc.

Basearémonos na seguinte táboa para avaliar a práctica docente:

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia o Proxecto Curricular de Etapa e, no seu caso, a programación de área; instrumentos de planificación que coñezo e utilizo.		
Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo) axustados á programación didáctica e as necesidades do alumnado.		
Selecciono e temporizo os contidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.		
Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente os estándares de aprendizaxe que os meus alumnos e alumnas deben conseguir como reflexo e manifestación da intervención educativa.		
Establezo, de modo explícito, os criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos e comprobar o grao en que alcanzan na adquisición das competencias básicas.		
Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, dos distintos tipos de contidos e das características do alumnado.		
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co profesorado que imparte en 2º da ESO e co departamento de Xeografía e Historia.		

### **10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

Para o alumnado coa materia pendente de anos anteriores, o departamento establece e elabora unha guía de traballo na que se incorporan unha serie de actividades. Esta guía, xunto cos criterios de avaliación se lle comunicará ao alumnado nunha reunión convocada ao efecto. A valoración do traballo realizado servirá para avaliar ao alumnado coa materia pendente.

En caso dunha valoración negativa, o alumnado poderá optar a facer os exames de pendentes programados tanto no mes de maio como no de setembro.

### **11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar.**

Durante os primeiros días do curso faremos actividades iniciais diversas de tipo procedimental, para observar ao alumnado no uso das diversas fontes xeográficas e históricas, tales como a utilización e manexo do libro de texto e de atlas, a lectura en voz alta, a e descrición de mapas e imaxes xeográficas e históricas e a interpretación de liñas do tempo; tamén se realizarán probas sinxelas de coñecemento de vocabulario xeográfico e histórico básico.

Esta avaliación inicial acompañarase da observación directa dos materiais producidos polo alumnado así como da información recollida nas reunións do departamento, da opinión do profesorado que coñeza ao alumnado, do apoio do gabinete de orientación e da reunión de pre-avaliación que convoca a xefatura de estudos durante o primeiro mes do curso, para indagar sobre as características do alumnado.

### **12. Medidas de atención á diversidade.**

Aceptada a diversidade dos niveis de madurez entre o alumnado dunha aula, deseñaremos as estratexias adecuadas para garantir unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Haberá actividades de reforzo e de ampliación e faranse agrupamentos flexibles en función das necesidades de traballo.

### 13. Elementos transversais.

A materia de Xeografía e Historia cumpre como un vehículo axeitado para desenvolver todos os elementos transversais do currículo. Neste senso compre destacar a metodoloxía por proxectos documentais integrados, cada vez máis utilizada polos membros do noso departamento para contribuír así á formación de usuarios, ao fomento da lectura, á alfabetización informacional e á educación documental.

A comprensión lectora desenvolverase mediante unha serie de medidas de contribución ao Proxecto Lector e ao Plan Anual de Lectura do noso instituto:

- Participación activa nas actividades programadas como a HORA DE LER e outras deseñadas polo equipo da biblioteca escolar.
- Traballo en proxectos documentais con fondos da nosa biblioteca.
- Levaremos á lectura á aula de xeito sistemático e periódico. Utilizaremos os recursos da biblioteca na que dispoñemos de fondos axeitados de lectura xuvenil con contido histórico e narrativa histórica.

A expresión oral e escrita tamén se traballará non só a través das probas e actividades, senón mediante a metodoloxía de traballo por proxectos, xa que o obxectivo final destes proxectos será a presentación escrita e oral do alumnado participante.

A comunicación audiovisual é outro elemento transversal propio da actividade cotiá na nosa área, mediante:

- Traballo en proxectos documentais con fondos da nosa biblioteca.
- Utilización das coleccións documentais do departamento e da biblioteca así como das obtidas a través da rede.
- Participación nos programas, proxectos e actividades da biblioteca, equipo de dinamización e vicedirección.

Como medidas de contribución ás tecnoloxías de información e comunicación (TICS) tomaremos as seguintes:

- Nos proxectos documentais integrados o alumnado estará en permanente contacto coas fontes dixitais grazas a procura de información en rede, dun xeito selectivo.
- Os proxectos documentais deberán presentarse en soporte dixital.
- Utilización de cartografía dixital na rede.
- Visita de páxinas de información estatística, cartográfica, xeográfica, histórica e artística para traballar con fins educativos.
- Participación nos diversos blogs de contido histórico e xeográfico, así como nas redes sociais do instituto e da biblioteca.

A participación nas actividades descritas tamén desenvolverán no alumnado o empredemento, xa que logo valoraranse aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Outro elemento transversal fundamental no desenvolvemento curricular da Xeografía e Historia é a educación cívica e constitucional, polo que todas as actividades, traballos, proxectos e propostas que se mencionan con anterioridade estarán enfocadas a:

- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, da igualdade de trato e da non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade,
- Resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social,
- Fomento dos valores que sustentan o Estado de dereito como a liberdade, a xustiza, a igualdade, a pluralidade, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos,
- Rexeitamento de calquera tipo de violencia, incluída a violencia terrorista, de racismo, de xenofobia.
- Rexeitamento de calquera tipo de explotación, abuso e maltrato.
- Rexeitamento de calquera tipo de comportamento sexista e dos estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Defensa do desenvolvemento sustentable do medio, promovendo actitudes para loitar contra o quecemento global.

Tamén compre destacar a educación para a saúde para favorecer, en xeral, comportamentos que contribúan a promoción, o mantemento e a restauración da saúde.

#### **14. Actividades complementarias e extraescolares.**

Dende o departamento de Xeografía e Historia tómase a decisión de que este curso organizaremos saídas didácticas pola nosa contorna, destacando especialmente a nosa participación nas actividades programadas en conmemoración de Florencio Delgado Gurriarán, homenaxeado nas Letras Galegas de 2022.

Tamén quedaremos a espera de que se podan realizar viaxes a algunha das cidades galegas, en función da información que nos traslade a vicedirección.

Iso si promoveremos a participación e colaboración activa nas actividades complementarias programadas dentro do centro polos diversos organismos (vicedirección, biblioteca escolar, equipo de normalización lingüística , etcétera).



**15. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas e procesos de mellora.**

Os membros do departamento estaremos pois utilizando a programación como instrumento de traballo e referencia.

Nas reunións periódicas do departamento durante o curso (mínima unha ao mes) faremos unha posta en común sobre o desenvolvemento da programación e a súa posta en práctica.

Anotaremos en actas as dificultades, carencias, problemas, aspectos a mellorar, aspectos que funcionan ben, posibles problemas de temporalización, adecuación de obxectivos, necesidades que detectemos, particularidades específicas dalgúns cursos e grupos, e, por supostos, a avaliación do alumnado e os seus resultados.

Ao final de curso faremos un informe ou memoria, baseándonos na observación continua recollida e nos resultados finais, para reestruturar o que se considere oportuno, sempre de acordo todos os membros do departamento, de maneira que quede modificada para o vindeiro curso.